

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día vinte e un de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1157).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1158).- PROXECTO DE OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO”. EXPTE. 1187/106.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/14, do xefe do servizo conformado polo concelleiro delegado de área e fiscalizado o 16/10/14, que di o seguinte:

“Con data 30 de maio de 2014 o Concelleiro Delegado de Área de Distritos, Parques e Xardíns, Limpeza e Comercio, decretou autorizar o réxime excepcional de contrato menor de servizos co Arquitecto D. Jesús Cordeiro Rodríguez, colexiado nº 1142 do COAG, para a redacción dun proxecto que ultimara o acondicionamento e remate das zonas comúns na planta baixa do mercado do Progreso e da envolvente do propio edificio, coas súas correspondentes instalacións auxiliares, a desmontaxe do mercado provisional

situado na praza pública sobre a cuberta, a impermeabilización e illamento térmico desta e a instalación da escada mecánica e do ascensor que completan os núcleos de comunicacións verticais do edificio.

En base ao devandito requerimento o Arquitecto D. Jesús Cordeiro Rodríguez, colegiado nº 1142 do COAG, asinou o proxecto de “ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO” no mes de xuño do 2014, cun orzamento base de licitación, incluído o IVE, que ascende a “UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTESEIS MIL CENTO NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.226.197,57 €)”.

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

O "PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO" que se aproba, contempla a realización das obras precisas para a efectiva posta en marcha da instalación, consistentes nos seguintes traballos:

- Acondicionamento das zonas comúns da superficie comercial de planta baixa destiñada a mercado, agás o relativo ás áreas específicas dos postos de venda, que terán que efectuarse a cargo dos propios comerciantes que os ocupen no futuro.
- Remate de zonas comúns do edificio e as instalacións correspondentes.
- Desmontaxe do mercado provisional situado na cuberta do edificio.
- Execución da impremeabilización e illamento térmico da cuberta.
- Instalación de escaleiras mecánicas entre a planta baixa e o primeiro andar, e dun ascensor panorámico de gran capacidade que enlaza as plantas situadas entre o segundo soto e o primeiro andar.

O Prazo de execución previsto para esta obra é de tres meses.

Na tramitación deste expediente, consta no mesmo o informe de data 14 de outubro dos arquitectos Muicipais, e o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Obras de data 15 de outubro.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o referido informe da Oficina de Supervisión de Proxectos asinado en data 15 de outubro do 2014 polo Enxeñeiro Técnico Municipal aos efectos de control ordeado polo artigo 125 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

- 1.- Aprobar o proxecto redactado polo Arquitecto D. Jesús Cordeiro Rodríguez, colegiado nº 1142 do COAG para o “ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO” por un importe de “UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTESEIS MIL CENTO NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.226.197,57 €)”,(IVE engadido) e un prazo de execución de tres meses.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1159).- PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS DAS OBRAS “SUBSANACIÓN DAS NECESIDADES DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA AVDA. ATLÁNTIDA, DO Nº 30 OA Nº 52”. EXPTE. 2563/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/10/14, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/14, do xefe de área, asinado polo asesor xurídico e conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

“Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 14 de agosto de 2014, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 5 de agosto de 2014 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 7 de agosto de 2014, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do Proxecto para a “Renovación da rede de saneamento nas Rúas Mestre Chané e Montecelo Alto (Expte. 2.563/440)

II.- En cumprimento de dito acordo en agosto de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA-FCC” - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado polo enxeñeiro industrial da consultoría de enxeñería “ESINPRO, S.L.”, D. Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de 36.183,38 euros, IVE excluído.

III.- Posteriormente con data 1 de outubro de 2014, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 1.518,78 euros, IVE excluído.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de subsanación das necesidades da rede de abastecemento e saneamento na Avda. Atlántida do nº 30 ao 52. O prazo estimado para a execución das obras é de 1 mes.

O artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castañón, o 10 de outubro de 2014, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 10 de outubro de 2014 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 10 de outubro de 2014, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto – que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executar as obras de SUBSANACIÓN DAS NECESIDADES DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA AVDA. ATLÁNTIDA por un importe total de 36.183,38 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 1.518,78 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	ESINPRO, S.L.	608,12 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO, S.L.	608,12 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM, S.L.	152,03 €
	SUMA	1.368,27 €
	11% Gastos de Xestión	150,51 €
	TOTAL (IVE excluído)	1.518,78 €

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1160).- PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS DAS OBRAS “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NO BARRIO DO CALVARIO” EXPTE. 2560/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/10/14, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/14, do xefe de área, asinado polo asesor xurídico e conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

“Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 31 de xaneiro de 2014, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 27 de xaneiro de 2014 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento da mesma data, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de saneamento e abastecemento no barrio do Calvario” (expediente 2.560/443).

II.- En cumprimento de dito acordo en abril de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA-FCC” - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas da consultoría de enxeñería “VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP”, D. Luis Vilar Montoro cun orzamento de 879.780,89 euros, IVE excluído.

III.- Posteriormente con data 14 de outubro de 2014, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 36.928,61 euros, IVE excluído.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento no barrio do Calvario. O prazo estimado para a execución das obras é de 5 meses.

O artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 14 de outubro de 2014, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 14 de outubro de 2014 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 14 de outubro de 2014, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto – que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executas as obras de RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO BARRIO DO CALVARIO por un importe total de 879.780,89 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 36.928,61 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	VILAR MONTORO INGENIERIA	14.786,23 €
Asistencia técnica á D.O.	VILAR MONTORO INGENIERIA	14.786,23 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	3.696,56 €
	SUMA	33.269,02 €
	11% Gastos de Xestión	3.659,59 €
	TOTAL (IVE excluído)	36.928,61 €

Terceiro.- *O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1161).- PROXECTO DE OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE". EXPTE. 2688/440

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/10/14, dáse conta do informe-proposta de data 16/10/14, do xefe de área, asinado polo asesor xurídico e conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

"1.- Antecedentes

A empresa PETTRA, S.L., presenta o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE", redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Santiago N. López Fontán e pola ENXEÑEIRA INDUSTRIAL Begoña Arranz González e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E CINCO MIL EUROS (175.000,00 €).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Santiago N. López Fontán e pola Enxeñeira Industrial D^a Begoña Arranz González da empresa PETTRA, S.L.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

O proxecto ten por obxecto completar a urbanización do espazo público gañado por execución das previsións urbanísticas, así como mellorar as condicións de urbanización NO ENTRONQUE DA R/PAZOS CON LOPEZ MORA INCLUINDO O ESPAZO LIBRE EN TORNO AO CRUCE DE LOPEZ MORA E PI-MARGALL, con características parecidas as que se concretan nos dous extremos, trala humanización de López Mora, e Menéndez Pelayo, xerando un conxunto homoxéneo e de calidade urbana.

Para elo se concretan obxectivos parciais, que son:

Regularización das aliñacións en planta; Regularización da rasante; Ampliación de beirarúas; Ordenación viaria: sentido ascendente, único carril; Xeración dunha banda de aparcamento ordenada; Creación dun área estancial / de lecer na intersección con López Mora, que serva como referente ao espazo urbano anexo; Mellora da pavimentación; Mellora dos servizos urbanos; Modernización das instalacións; Cambio do mobiliario urbano.

O espazo libre que conforma o entronque da rúa Pazos coa r/Lopez Mora confórmase como un espazo de convivencia. Consiste por unha parte nunha pavimentación de formigón coloreado, semipulido. Todo o perímetro edificado da pequena prazoleta virá forrado mediante unha parede de acero galvanizado, con obxecto de conformar a base para un mural.

Ase mesmo tamén se incorporan bancos de formigón coloreados conformando a verba “aperta”, que incorporan amais unha iluminación baixa mediante tira LED de exterior, IP65 ou superior.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO MESES.

Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe preceptivo/facultativo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 9 de outubro de 2014, así como informe rectificativo de erros de data 15 de outubro de 2014.

Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica o previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Consta no expediente informe da Oficina de Intervención Municipal de data 15 de outubro de 2014.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma

xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- *Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.*

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1.- *Aprobar o proxecto redactado pola empresa PETTRA, S.L. para a "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE", dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E CINCO MIL EUTOS (175.000,00 €) e un prazo de execución de 4 meses."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1162).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA A REDACCIÓN DO PROXECTO "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MANUEL NÚÑEZ, ENTRE RÚA ECUADOR E RÚA MARÍA BERTIALES". EXPTE. 2709/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/10/14, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/14, do xefe de área, asinado polo asesor xurídico e conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do acordo, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no mesmo.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, o enxeñeiro municipal D. Jerónimo Centrón Castaños emite informe de data 13 de outubro de 2014 xustificando a conveniencia e idoneidade desta actuación.

A vista do mesmo o Sr. concelleiro delegado de Área con data 14 de outubro a proposta do enxeñeiro municipal, baseada na urxencia de executar as obras, dicta orde de servizo para iniciación do regulamentario expediente.

Por isto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación de conformidade co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP que adopte o seguinte acordo:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MANUEL NÚÑEZ, ENTRE ECUADOR E MARÍA BERDIALES” polos motivos de urxencia que constan no informe do enxeñeiro municipal ao que se fai referencia nos antecedentes.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1163).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO NA RÚA CANTABRIA, ENTRE AVDA. AEROPORTO E RAMÓN NIETO”. EXPTE. 2706/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 13/10/14, do xefe de área, conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

“Localidade e situación: RÚA CANTABRIA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO (CSM, GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO NA RÚA CANTABRIA, ENTRE AVDA. AEROPORTO E RAMÓN NIETO”.
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1164).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO NA RÚA CANTABRIA, ENTRE AVDA. AEROPORTO E RAMÓN NIETO”. EXPTE. 2707/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 13/10/14, do xefe de área, conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 26 de setembro de 2014 aprobou o PROXECTO DE “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO NA RÚA CANTABRIA, ENTRE AVDA. AEROPORTO E RAMÓN NIETO”, cun orzamento de base de licitación de 385.424,43 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

– Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, S.A.".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.